



ACORDO DE PRÓRROGA DO CONTRATO-PROGRAMA DE DATA 1 DE XANEIRO DE 2014, SUBSCRITO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **Jesús Vázquez Almuíña**, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde a teor do disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro.

Doutra parte, **José Manuel Flores Arias**, con DNI 33.288.899 X, director da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061), actuando en nome e representación desta, segundo o Acordo do nomeamento provisorio de data 13 de novembro de 2018 do Conselleiro de Sanidade

Ambas as partes recoñécense capacidade legal suficiente para subscribir este acordo, polo que

EXPOÑEN

1. Que con data 1 de xaneiro de 2014 subscribiuse un novo contrato-programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas 061.
2. Que o contrato-programa establece unha vixencia que aparece regulada na súa cláusula novena que di:

“A duración do presente contrato-programa será dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2015. Transcorrido o prazo da vixencia, este contrato poderase prorrogar, por períodos anuais, por acordo expreso entre as partes trala existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente. No acordo de prórroga fixarase o importe máximo de cada anualidade.”



Polo que ambas partes

ACORDAN

1. Prorrogar o contrato-programa de data 1 de xaneiro de 2014 subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.
2. Para os efectos previstos na cláusula sexta do contrato-programa, o Servizo Galego de Saúde contribuirá no financiamento do servizo público sanitario xestionado pola Fundación nas condicións previstas no contrato-programa cunha achega de 45.260.011€ con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412A 44312 e 2.495.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412A 74312.
3. Este acordo queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas que del se deriven.

Polo Servizo Galego de Saúde,

Pola F.P.Urxencias Sanitarias de Galicia-061,


Jesús Vázquez Almuíña


José Manuel Flores Arias